



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 27 DE ABRIL DE 2020

2.- Adopción de medidas en relación coa crise sanitaria provocada por mor do "COVID-19".

Acórdase a aprobación das seguintes propostas:

- Convalidar os contratos adxudicados pola Alcaldía mediante tramitación de emerxencia que se indican a continuación:
 - DIA RETAIL ESPAÑA, por un prezo máximo de 10.000 euros, IVE engadido.
 - DIA SA, por un prezo máximo de 10.000 euros, IVE engadido.
 - MERCARTABRIA S.L.U, por un prezo máximo de 20.000 euros, IVE engadido.
 - VEGO SUPERMERCADOS, por un prezo máximo de 20.000 euros, IVE engadido.
 - ALCAMPO, por un prezo máximo de 20.000 euros, IVE engadido.
 - CENTROS COMERCIALES CARREFOUR, por un prezo máximo de 10.000 euros, IVE engadido.
- Subministración de 35 lectores de tarxeta "smartcard" que permita a sinatura electrónica ao persoal do Concello, a EDUARDO PÉREZ BRUN- EDUTRONIC, por un prezo de 2.990,75 euros, IVE engadido.
- Subministración e instalación de 10 puntos de acceso sen fíos WIFI para a conexión de dispositivos móbiles que faciliten o servizo de videoconferencia ao persoal do Concello a EDUARDO PÉREZ BRUN- EDUTRONIC, por un prezo de 827,01 euros, IVE engadido.
- Subministración de material de protección (15.000 máscaras cirúrxicas de tipo II) para persoal do Concello, a GRAMA BOSQUE Y JARDIN, por un prezo de 14.400 euros, sen IVE.
- Subministración de material de protección (10.000 máscaras cirúrxicas) para o persoal do Concello, a RANEBE 2003, por un prezo de 9.600 euros, sen IVE.
- Servizos de despregamento de solución "Citrix Cloud Virtual Apps en Desktop" para conexión a escritorio remoto do persoal do Concello, a OZONA CONSULTIN por un prezo de 11.979 euros, IVE incluído.
- A Xunta de Goberno Local acordo levantar a suspensión do prazo e continuar co procedemento de contratación dos seguintes contratos:
 - Contrato de servizos de limpeza nos edificios e instalacións dependentes do Concello de Santiago.
 - Contrato de obra para a reparación do muro entre as rúas de París e Luxemburgo, en Fontiñas.
- Aprobouse a proposta para a adaptación do calendario fiscal do exercicio 2020, para a fixación da data límite para acollerse ao sistema especial de pago e determinación dos prazos para o pago do IBI mediante sistema especial de pago.
 - Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica: desde o 5 de marzo ata o 5 de xullo, ambos incluídos (ou día hábil inmediato posterior)

- Imposto sobre Bens Inmóbles -Urbana, Rústica, e de características especiais:- desde o 5 de xullo ata o 5 de outubro.
- Taxas por ocupación de vía pública por vados e calquera outra taxa xestionada por padrón salvo mesas e cadeiras: desde o 5 de xuño ata o 5 de setembro ambos incluídos (o día hábil inmediato posterior)
- Taxas por ocupación de vía pública por mesas e cadeiras: dende o 5 de setembro ata o 5 de novembro ambos incluídos (ou día hábil inmediato posterior).
- Segundo. Establecer como data límite para acollerse ao sistema especial de pago (SEP) regulado no artigo 26 da ordenanza municipal 0.00. o 30 de maio de 2020.
- Terceiro. Establecer como datas de pago para o abono mediante domiciliación das cotas tributarias fraccionadas do Imposto de Bens Inmóbles as seguintes:
 - Primeiro Prazo: 5 de agosto
 - Segundo Prazo: 5 de outubro
 - Terceiro Prazo: 5 de novembro.

3.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.

- Apróbase o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito por gasto do servizo de modificación da páxina web e actualización de información do circuíto de carreiras saudables “Corresán, 2019” e aprobación de indemnización substitutiva a favor de EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS por importe de 568,50 euros.
- Apróbase o recoñecemento extraxudicial de crédito correspondente á factura F/2020/1007, por impartición de clases de xadrez durante o mes de febreiro, por importe de 1.176,06 euros.
- Apróbase a proposta de recoñecemento extraxudicial de crédito formulada polo Servizo de Bombeiros, relativa aos gastos por prestación do servizo de renting vehículo IVECO 5040, correspondente aos meses de xaneiro e febreiro, e aprobación de indemnización substitutiva a favor de TRANSTEL SA, por importe de 13.975,50 euros.

4.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á prórroga do contrato de aluguer do local nº 3 da rúa Galeras, nº 28-baixo, destinado a oficinas municipais de Catastro e Censos. Acórdase prorrogar o contrato de aluguer por importe mensual de 824,33 euros(IVE incluído), ata o 30 de abril de 2021.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural para a adopción do acordo de non división en lotes do investimento "Subministración, instalación, configuración e posta en marcha de ordenadores de sobremesa e monitores en centros socioculturais no ámbito rural de Santiago de Compostela". POS+ 2020. Acórdase non dividir en lotes o investimento obxecto do prego, que conta cun orzamento de 29.563,55 euros.

6.- Dación de conta das actas do Centro de Coordinación Operativo Local (CECOPAL). Dáse conta.

7.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural para dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Fundación Eugenio Granell, ano 2020. Dáse conta da sinatura do convenio coa Fundación Eugenio Granell, e acórdase proceder aos pagos parciais correspondentes ao período xa transcorrido de 2020, polo importe proporcional de 155.000 euros, que é o total anual previsto.

.

8.- Dar conta de Sentenzas. Deuse conta das seguintes sentenzas:

- 86/2020, de recurso contra o Decreto do 18/10/2018 que desestima o recurso de reposición contra resolución sancionadora de multa por infracción moi grave de tráfico por non identificar ao condutor.
- 87/2020 contra resolución de recurso contra o Decreto 8/11/2018 que desestima recurso de reposición e non anula varias liquidacións de IIVTNU.

- 80/2020 de recurso contra o Decreto do 1+6/05/2020 que desestima alegacións da actora e practica liquidación do IIVTNU.
- 81/2020 contra resolución do 23/05/2018 que desestima recurso de reposición contra providencia de apremio emitida por infracción de tráfico.
- 78/2020. A sentenza considera que coa documentación achegada polo demandante, non queda acreditada a depreciación do inmovible transmitido, polo que desestima o recurso de reposición fronte á liquidación do IIVTNU
- 389/2017. Estima o recurso contencioso-administrativo contra a desestimación por silencio de reclamación patrimonial por danos nun vehículo, declarando a non conformidade a dereito do acto recorrido e recoñecendo o dereito da parte actora a ser indemnizada polo concello.
- 326/2019. Desestímase o recurso de apelación interposto polo concello contra a sentenza do 3 de abril de 2019, ditada polo Xulgado de Santiago no procedemento 95/2018, que tiña estimado parcialmente a demanda: o dereito dos demandantes a ser aboados polos servizos non controvertidos, incluídos os xuros de mora, non os legais, polo impago e devolución inxustificada de factura. Proponse non recorrer sentenza en casación e agardar pola súa firmeza para a súa posterior execución.
- 598/2019. Desestímase o recurso de apelación interposto contra a sentenza 82/19, de data 29 de marzo de 2019, relativa ao pago da contía indemnizatoria fixada no Proxecto de reparcelación do sector SUNP-37.3 “Costa Vella” e dáse traslado das sentencias ao Servizo de Planeamento e Xestión para a súa execución.
- 31/2020. A sentenza anula as liquidacións ICIO, LICU, DOCA e LPO por erro na base imponible aplicada. Remítese ao Servizo de Tesourería para a súa execución.
- 243/2019. A sentenza anula a liquidación de IBI, logo de expediente de regularización catastral, xirada pola Xunta de Galicia, estimando o argumento da prescrición de débeda tributaria. Remítese ao Servizo de Tesourería para a súa execución.
- 405/2019. Diferentes sentenzas retributivas favorables ao Concello C1-16 e C1-18.
- 82/2020. Desestimación por silencio de reclamación de responsabilidade patrimonial por danos nun local comercial.

9.- Dar conta das resolucións das concellarías delegadas. Dáse conta.

URXENCIAS

- 1. Proposta de actualización de prazos da convocatoria do “XIII Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados”.** Fixase o prazo límite de presentación de propostas creativas para o 15 de xuño de 2020. O fallo do xurado terá lugar na segunda quincena de xullo de 2020. A persoa ou persoas autoras da obra premiada deberana entregar rematada antes do 30 de setembro de 2020.